

HISTORIA DA FILOSOFÍA

EXAME “COVID-19” DESCARTES/LOCKE/HUME

O exame consta de 5 apartados:

- A) Comentario de texto ⇒ 2 puntos.
- B) Test Descartes ⇒ 2 puntos.
- C) Test Locke-Hume ⇒ 3 puntos.
- D) Obras/Autores ⇒ 1 punto.
- E) Valoración persoal ⇒ 2 puntos.

DATA LÍMITE ENTREGA EXAME: VENRES 8 DE MAIO DO 2020

A) COMENTARIO DE TEXTO

Dos tres fragmentos propostos, escolle o que prefiras para o seu comentario. Este comentario deberá analizar o fragmento (conceptos fundamentais e argumentación) e relacionalo cun contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía), con corrección expresiva e gramatical.

CONTEXTUALIZACIÓN: 0,25. COMENTARIO: 1,75. NOTA MÁXIMA COMENTARIO: 2 pts.

1. Comenta o fragmento proposto empregando só a teoría que consideres necesaria de: Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito, para referencias, mellor comprensión, etc.

“Foi isto causa de que eu pensara que se precisaba buscar outro método que, comprendendo as vantaxes destes tres, estivese exento dos seus defectos. E, como a abundancia de leis fornece decote excusas para os vicios, de xeito que un Estado está tanto mellor regulamentado canto, non tendo senón moi poucas leis, estas son moi estreitamente observadas; así, en lugar dese gran número de preceptos dos que está composta a lóxica, crin que, sempre que tomase unha firme e constante resolución de non deixar de observalos nin unha soa vez, abondaría cos catro seguintes.

Consistía o primeiro en non aceptar xamais ningunha cousa como verdadeira que non coñecese evidentemente ser tal; é dicir, evitar coidadosamente a precipitación e a prevención; e non aceptar nada nos meus xuízos senón aquilo que se presentase tan claramente e tan distintamente ó meu espírito que non tivese ocasión ningunha de poñelo en dúbida.

O segundo, dividir cada unha das dificultades que examinase en tantas partes como fose posible e requirible para mellor resolvelas.

O terceiro, conducir por orde os meus pensamentos, comezando polos obxectos máis simples e máis doados de coñecer, para subir pouco a pouco, como por graos, ata o coñecemento dos máis compostos; e supoñendo mesmo unha orde entre aqueles que non se preceden naturalmente os uns os outros.

E o derradeiro, facer en todo enumeracións tan completas, e revisións tan xerais, que estivese seguro de non omitir nada.”

(R. DESCARTES, *Discurso do método*)

2. Comenta o fragmento proposto empregando só a teoría que consideres necesaria de: O liberalismo político de Locke, para referencias, mellor comprensión, etc.

«Polo tanto, onde queira que calquera número de persoas se xunten nunha sociedade dispostas a abandonar cada un o seu poder executivo da lei da natureza, e a renunciar a el a favor do poder público, alí e só alí haberá unha sociedade política ou civil. E isto dáse onde queira que un número calquera de homes, en estado de natureza, pase a formar unha sociedade co fin de construír unha persoa ou corpo político baixo a soberanía dun goberno supremo, ou tamén cando calquera particular se une e incorpora a un goberno xa feito. Xa que neste caso autoriza á sociedade ou, o que é o mesmo, ó poder legislativo dela a facer leis para el, tal e como o ben público de dita sociedade requira, para a execución das cales é preciso (como para os seus propios decretos) a súa colaboración. (...) E polo tanto, é evidente que a monarquía absoluta, a cal é considerada por algúns como a única forma de goberno válida no mundo, é de feito incompatible coa sociedade civil e, polo tanto, non pode ser unha forma de goberno civil en absoluto.»

(J. LOCKE, *Ensaio sobre o goberno civil*, cap. 7, § 89)

3. Comenta o fragmento proposto empregando só a teoría que consideres necesaria de: Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade, para referencias, mellor comprensión, etc.

«Preguntaría gustosamente ós filósofos que derivaron tantos dos seus razoamentos da distinción entre substancia e accidente e imaxinaron que temos ideas claras acerca delas, se a idea de substancia debe ser derivada das impresións de sensación ou de reflexión. Se nos é proporcionada polos nosos sentidos, pregunto por cal deles e de que maneira. Se é percibida pola vista, debe ser unha cor; se polo oído, un son; se polo gusto, un sabor; e así para os outros sentidos. Pero non creo que alguén afirme que a substancia é unha cor, un son ou un sabor. A idea de substancia, se é que existe, debe logo derivarse das impresións de reflexión. Pero as impresións de reflexión divídense nas nosas paixóns e emocións, ningunha das cales é posible que represente unha substancia. Polo tanto, non temos ningunha idea de substancia distinta dunha colección de cualidades particulares, nin nos referimos a outra cousa cando falamos ou razoamos sobre ela.»

(D. HUME, *Tratado da natureza humana*, Libro I)

B) TEORÍA TIPO TEST – DESCARTES (0,20 cada resposta acertada)**PUNTUACIÓN MÁXIMA DESCARTES: 2 PUNTOS**

- 1. Cal é a orde correcta das seguintes regras que propón Descartes para conseguir o camiño cara a verdade?:**
 - a) Síntese. Enumeración. Análise. Evidencia.
 - b) Evidencia. Análise. Síntese. Enumeración.
 - c) Análise. Enumeración. Síntese. Evidencia.
 - d) Evidencia. Síntese. Análise. Enumeración.
- 2. Cal é o método preferido por Descartes e os racionalistas en xeral para alcanzar o coñecemento?:**
 - a) Método matemático.
 - b) Método sistémico.
 - c) Método hipotético-dedutivo.
 - d) Método fenomenolóxico.
- 3. Como denomina Descartes ao concepto que ten como definición “aquilo que non necesita de ningunha outra cousa para existir”?:**
 - a) Deus.
 - b) Sustancia.
 - c) Atributo.
 - d) Cogito.
- 4. Para Descartes, a existencia de Deus é unha conclusión lóxica a partir da nosa idea innata de perfección ou de infinito. Que consideraba o filósofo francés como idea innata?:**
 - a) A formada a partir das sensacións.
 - b) O que a nosa imaxinación fabricou por si mesma.
 - c) A imposta pola autoridade moral humana.
 - d) Aquela que está na mente humana dende o seu nacemento.
- 5. Cal dos seguintes filósofos non pertence á corrente filosófica do racionalismo que se estendeu por Europa durante o século XVII?:**
 - a) Leibniz.
 - b) Descartes.
 - c) Spinoza.
 - d) Locke.
- 6. A filosofía cartesiana resúmese na súa primeira evidencia: “Penso, logo existo”, na que afirma que só o pensamento é a única garantía da nosa existencia como seres pensantes. Cal é a expresión latina desta primeira evidencia?:**
 - a) Alter ego.
 - b) Ex nihilo nihil fit.
 - c) Cogito ergo sum.
 - d) Quid pro quo.
- 7. Unha das regras do método cartesiano é a “análise”. En que consiste?:**
 - a) Admitir como verdadeiro só o evidente.
 - b) Dividir un problema en partes máis simples.
 - c) Facer constantes revisións para evitar erros.
 - d) A partir de ideas simples construír unha idea máis complexa.
- 8. Descartes, coa súa dúbida metódica (dimensión negativa do método) formulou tres apartados ou niveis de dúbida, cuestionando así todo o saber humano. Cal das seguintes preguntas non se corresponde con ningún deses tres niveis iniciais de dúbida?:**



- a) Podo confiar nos meus razoamentos?
 - b) Engánanme os sentidos?
 - c) Existen realmente o mundo e as cousas?
 - d) Existe Deus?
- 9. Que obra de Descartes está considerada como o primeiro texto da Filosofía Moderna, sendo unha das obras máis importantes da filosofía occidental?:**
- a) Meditacións metafísicas.
 - b) Tratado do mundo e da luz.
 - c) Crítica da razón pura.
 - d) Discurso do Método.
- 10. Para Descartes existían tres substancias. Cal dos seguintes apartados coincide coa filosofía cartesiana a ese respecto?:**
- a) Substancia pensante = Res extensa = Mundo, materia; Substancia infinita = Res infinita = Deus; Substancia extensa = Res cogitans = Eu, alma.
 - b) Substancia infinita = Res infinita = Deus; Substancia pensante = Res cogitans = Mundo, materia; Substancia extensa = Eu, alma.
 - c) Substancia pensante = Res cogitans = Eu, alma.; Substancia infinita = Res extensa = Mundo, materia; Substancia extensa = Res extensa = Deus.
 - d) Substancia infinita = Res infinita = Deus; Substancia extensa = Res extensa = Mundo, materia; Substancia pensante = Res cogitans = Eu, alma.

C) TEORÍA TIPO TEST – LOCKE - HUME (0,20 cada resposta acertada)

PUNTUACIÓN MÁXIMA LOCKE-HUME: 3 PUNTOS

- 1. Para Locke, Hume e os empiristas en xeral, cal é o fundamento último de toda idea que temos?:**
 - a) A abstracción.
 - b) A reflexión.
 - c) A experiencia.
 - d) A dedución.
- 2. O empirismo nace como unha alternativa aos argumentos sobre o coñecemento dunha corrente anterior. Cal?:**
 - a) A Escolástica.
 - b) O Racionalismo.
 - c) O Naturalismo.
 - d) O Aristotelismo.
- 3. En que país se desenvolveu fundamentalmente a corrente filosófica do empirismo a finais do século XVII e boa parte do XVIII??:**
 - a) Italia.
 - b) Francia.
 - c) Inglaterra.
 - d) Alemaña.
- 4. A teoría do contrato social (Contractualismo) será empregada para xustificar distintos usos do poder. Cal das seguintes afirmacións é a correcta?:**
 - a) Hume emprégaa para xustificar réximes absolutistas e Locke para un modelo parlamentario.
 - b) Locke emprégaa para xustificar réximes absolutistas e Hobbes para un modelo parlamentario.
 - c) Locke emprégaa para xustificar un modelo parlamentario e Hobbes para réximes absolutistas.
 - d) Hobbes emprégaa para xustificar réximes absolutistas e Berkeley para un modelo parlamentario.

- 5. Cal destas opcións respecto á situación dos homes no estado de natureza é a correcta?:**
- Hobbes é pesimista antropológico, pensa que temos unha lei natural no estado de natureza.
 - Locke é optimista antropológico, pensa que no estado de natureza “o home é un lobo para o home”.
 - Hume é un autor pesimista antropológico, pensa que os homes somos egoístas por natureza.
 - Locke é optimista antropológico, pensa que no estado de natureza temos unha lei natural.
- 6. Como denomina Locke á vida, á liberdade e aos bens?:**
- Dereitos de autoridade.
 - Dereitos de confianza.
 - Dereitos irrenunciáveis.
 - Dereitos subversivos.
- 7. O poder lexítimo, para Locke sae dun contrato entre os membros da sociedade que se basea e debe ser?:**
- Nunha relación de absoluta libertinaxe e debe ser libre.
 - Nunha relación de sometemento a cambio de protección e debe ser absoluto.
 - Nunha relación de desconfianza (trust) e debe ser executivo.
 - Nunha relación de confianza (trust) e debe ser representativo.
- 8. Cal é a clasificación correcta dos tipos de percepcións para Hume?:**
- Segundo o grao de intensidade: Impresións e ideas; Segundo a orixe: Simples e complexas; Segundo a composición: De sensación e de reflexión.
 - Segundo o de grao de intensidade: Simples e complexas; Segundo a orixe: Impresións e ideas; Segundo a composición: De sensación e de reflexión.
 - Segundo o de grao de intensidade: Impresións e ideas; Segundo a orixe: De sensación e de reflexión; Segundo a composición: Simples e complexas.
 - Segundo o de grao de intensidade: Impresións e sensacións; Segundo a orixe: De percepción e de reflexión; Segundo a composición: Semellantes e complexas.
- 9. Para Hume é posible chegar ao coñecemento do que é exactamente un obxecto en si mesmo?:**
- Si, mediante a creación de ideas complexas.
 - Non, os obxectos non existen fóra da nosa realidade.
 - Non, só coñecemos as percepcións do obxecto.
 - Si, sempre que o perciban os nosos sentidos.
- 10. Como se denomina a teoría filosófica de Hume?:**
- Historicismo.
 - Escepticismo irreal.
 - Fenomenalismo.
 - Fenomenismo.
- 11. Para Hume todas as ideas complexas veñen de impresións previas percibidas polos nosos sentidos. Como explica entón a idea de unicornio ou de dragón se nunca as temos percibido?:**
- É unha mestura de ideas simples percibidas.
 - É un prexuízo aprendido pola tradición.
 - Non é unha idea que se poida explicar.
 - É unha idea errónea no proceso do coñecemento.
- 12. Que é a sustancia para Hume:**
- É unha mestura de ideas complexas.
 - É unha verdade aprendida pola tradición.
 - Non é unha idea que se poida explicar.
 - É unha idea básica no proceso do coñecemento.



13. Para Hume, que tipos de ideas son a cor verde, o frío ou o sabor ácido?:

- a) Ideas de sensación.
- b) Ideas innatas.
- c) Ideas de reflexión.
- d) Ideas de abstracción.

14. Hume afirma que mediante a imaxinación podemos unir varias ideas entre si, pero sempre seguindo unhas certas leis ou regularidades. Como se denominan estas leis e cales son?:

- a) Leis de implicación de ideas. Son a semellanza, a ambigüidade no espazo-tempo e a relación causa-efecto.
- b) Leis de asociación de ideas. Son a semellanza, a ambigüidade no espazo-tempo e a relación causa-efecto.
- c) Leis de asociación de ideas. Son a semellanza, a simultaneidade no espazo-tempo e a relación causa-efecto.
- d) Leis de asociación de ideas. Son a semellanza, a simultaneidade no espazo-tempo e a relación efecto-cousa.

15. Que pensa Hume da Teoría da Causalidade?:

- a) Que entre causa e efecto hai unha relación necesaria. Polo tanto, é unha teoría fiable ao 100%.
- b) Que é unha teoría empregada na ciencia porque nos dá leis universais e necesarias.
- c) Que non existe conexión necesaria ao 100% entre causa-efecto, senón que esta teoría é froito do costume e da imaxinación, xa que a causalidade é so unha confianza con probabilidades.
- d) Que non existe conexión necesaria ao 100% entre causa-efecto, senón que esta teoría é froito dun coñecemento garantido, universal e continxente.

D) OBRAS + CONCEPTOS

PUNTUACIÓN MÁXIMA 1 PUNTO

Responde as breves cuestións seguintes:

- a) Indica a que filósofos corresponden os seguintes conceptos: *Dúbida metódica – Fenomenalismo – Liberalismo político.*
- b) Nomea unha obra de Descartes, unha de Locke e unha de Hume (que non se correspondan coas dos fragmentos do exame).

E) VALORACIÓN - REFLEXIÓN PERSOAL

PUNTUACIÓN MÁXIMA 2 PUNTOS

Realiza unha valoración e reflexión persoal (comentario propio e crítico) sobre os seguintes temas (non teñen que ser todos, pero como mínimo un de cada autor). A cantidade da reflexión decídela ti. Lembra: sempre mellor calidade que cantidade. As dúas cousas nin che conto!!!):

DESCARTES:

- Que che parece a idea do “xenio maligno”? Acordo/Desacordo. Por que?
- Paréche unha boa demostración da existencia de Deus a que fai Descartes a partir da existencia en nós de ideas innatas como as de perfección e infinito? Acordo/Desacordo. Por que?
- Es dualista como Descartes? Pensas que por un lado temos corpo e por outro algo distinto chamado alma? Razóao.

LOCKE:

- Es pesimista antropolóxic@ como Hobbes? Pensas que somos egoístas e uns “lobos uns para os


outros”?, ou, polo contrario, es optimista antropolóxic@ como Locke e pensas que tod@s nacemos cunha lei natural no noso corazón? Polo tanto, sinceramente, pensas que hai que ser dur@ e “ollo por ollo” ou hai que deixar o noso poder executivo en mans dun correcto poder xudicial? Ou as dúas cousas? Ou ningunha? Razóao.

- Cres que a política actual nas democracias occidentais baséase realmente nun contrato de confianza (trust) e nun poder que nos representa (representativo)?

HUME:

- Que che parece a argumentación de Hume respecto á Teoría da Causalidade? Podo afirmar: “Se prendo lume, haberá fume”, ou teño que esperar ata que ver que ocorre? Razóao.
- Cres, como Hume, que todas as nosas ideas teñen que ter base na experiencia para ser válidas e que, deste modo, a metafísica, é dicir as ideas de alma, deus, inmortalidade só son un invento ou unha crenza? Razóao.

**ALUMNADO HISTORIA DA FILOSOFÍA
2º BACH B
CURSO 2019-20**



Moito ánimo!!!

Manuel Seixas, 19 Abril 2020